



## REGULAMENTO CONTROL 8000m 19/01/2019

### ORGANIZACIÓN

A organización técnica e execución da competición **AMIGABLE** correspóndelle ao CLUB CABANAS KDM NORINVER e á Comisión Técnica da F.G.P.

### PATROCINIO

O patrocinio correspóndelle a:

- Federación Galega de piragüismo.
- Concello de CABANAS

### LUGAR, DATA E HORA

Data	Competición	Grupo	Lugar	Hora saída
19/01/2019	CONTROL DE 8000m	Amigable	Esteiro de Río EUME CABANAS	<b>12:30</b>

### EQUIPO ARBITRAL E COMITÉ DE COMPETICION

O Equipo arbitral e o Comité de Competición, serán os /as que designe a Comisión Técnica.

### PARTICIPACIÓN

Será para todos os deportistas de clubs galegos, que estean en posesión da **licenza federativa actualizada para a tempada 2019**.

### INSCRICIÓN

Cada club poderá inscribir o número de deportistas que desexe, por modalidades e categorías, sempre e cando estean mutualizados no 2019.

As inscricións formalizaranse a través da páxina web da Federación Galega de Piragüismo.

**A data límite para inscricións será o mércores 16 de xaneiro ás 24:00 h**

### CONFIRMACIONES DAS INSCRICIÓN

A confirmación realizarase o día da competición entre as 10:00 e as 10:30 da mañá na oficina da FEGAPI .

**Celebrarase unha reunión de delegados as 11:00 para explicar percorridos e pormenores da proba.**

### SANCIONS POR BAIXA

Ao ser unha proba de carácter amigable non se aplicará a normativa de altas e baixas.



## CATEGORÍAS E EMBARCACIÓNS

MODALIDADE	SEXO	CATEGORÍAS
K-1 e C-1	Homes e mulleres	Cadete, Júnior, Sénior e Veterano

Lémbrese que as embarcacións participantes deben cumprir as condicións recollidas nos regulamentos referidas a flotabilidade (cortiza de 3 cm. de grosor, 17 cm. de alto e 60 cm. de longo), peso e medidas.

## CLASIFICACIÓN

Ao ser unha proba de carácter amigable, só realizarase a clasificación por categorías e modalidades.

A clasificación definitiva será publicada na web da FEGAPI

## HORARIO DE SAIDAS, DISTANCIAS E DISTRIBUCIÓN DO PERCORRIDO

### Saída.

A saída realizarase a partir das **12:30 h**, da forma seguinte:

**12:30 Canoa home, sénior, junior e cadete**

**12:33 Kaiak muller, sénior, junior, cadete e veterana**

**12:36 Canoa muller, sénior, junior e cadete**

**13:40 Kaiak home, sénior e veterano,**

**13:43 Kaiak home, junior e cadete**

### Distancias.

**Para Kaiak home, muller e Canoa home:**

A distancia total da proba será de **8 km** nun percorrido de **duas voltas** de 4 km.

**Para Canoa muller:**

A distancia total da proba será de **4 km, unha volta ao** percorrido.

## INFORMACION ADICIONAL DA PROBA

- As ciabogas serán no sentido contrario das agullas do reloxo.

## REGULAMENTACIÓN

A competición rexerese polo seu propio regulamento.

## TROFEOS E MEDALLAS

Os tres primeiros clasificados de cada categoría e modalidade.

## RECLAMACIÓNS

Toda reclamación sobre o desenvolvemento desta proba amigable, será presentada ao comité organizador tras finalizar a competición.



## OUTRAS NORMAS

A Federación e os organizadores non se farán responsables dos danos que se poideran causar ás embarcacións e demais material dos participantes, tanto no transcurso da competición como no transporte á mesma.

Lémbrese a obrigaón de usar sistemas de flotabilidade para todas as embarcacións. **A falta destas prohibirá o acceso á auga.**

**E OBRIGATORIO O USO DO CHALECO SALVAVIDAS PARA TODOS OS DEPORTISTAS DAS CATEGORÍAS CADETE E JÚNIOR**

**AQUEL DEPORTISTA QUE SEXA DE CATEGORÍA JÚNIOR E COMPITA COMO SÉNIOR DEBERÁ OBRIGATORIAMENTE USAR O CHALECO SALVAVIDAS.**

Así mesmo aconséllase o uso do chaleco para todas as demais categorías e modalidades

## INFORMACIÓN

Para máis información desta proba, poderán dirixirse á Federación Galega de Piragüismo (C/ Gavian s/n Verducido, 36151 Pontevedra), Tfns de contacto : 986842106 , fax 986851108, e-mail : [kayak-canoa@fegapi.org](mailto:kayak-canoa@fegapi.org) e na páxina web [www.fegapi.org](http://www.fegapi.org)

Pontevedra, 4 de xaneiro de 2019

Vº Bº  
PRESIDENTE

O SECRETARIO